

A MISIÓN DO NOSO INSTITUTO

É conseguir un ensino innovador e de calidade ofrecendo, nun marco natural e agradable, unha formación humana, académica e técnica que lle facilite ó noso alumnado, tanto a promoción a outros ámbitos académicos, como a incorporación ó mundo laboral cunha alta cualificación.

VISIÓN

A vocación do IES A Pinguela é ser un centro de referencia na comarca de Lemos, integrado na vida e nas actividades de Monforte e en contacto coas empresas das familias profesionais de Administración, Informática e Imaxe Persoal da nosa zona de influencia. Aspiramos ó recoñecemento externo do noso sistema de xestión da calidade, que se basea na transparencia da información, no traballo en equipo e na participación e satisfacción do noso alumnado e as súas familias e das empresas colaboradoras.

IDEARIO

BO CLIMA DE TRABALLO:

Crear as condicións precisas para que alumnado e profesorado traballen nun ambiente agradable.

ACTITUDE POSITIVA:

Potenciar as habilidades e boas calidades de cada persoa, facilitar a asunción de responsabilidades e valorar positivamente o traballo ben feito.

CREATIVIDADE:

Estar abertos a calquera innovación educativa e promover a creatividade como medio apropiado para atopar solucións aos problemas.

TRABALLO EN EQUIPO:

Favorecer moi especialmente o traballo en equipo e a mutua cooperación, no convencemento de que o rendemento é maior e de que se fomentan a tolerancia e a solidariedade.

MELLORA CONTINUA:

Poñer en marcha un sistema de xestión da calidade que se basee na filosofía da mellora continua e que conte con recoñecemento externo.

PARTICIPACIÓN:

Crear os mecanismos oportunos para que a participación dos integrantes da comunidade escolar sexa constante e enriquecedora, na idea de que todos sintamos o instituto como algo propio.

INFORMACIÓN:

Ofrecer información transparente e obxectiva da xestión interna do instituto.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE MELLORA:

Elaborar periodicamente programas específicos de mellora en calquera tema que teña incidencia educativa.

FORMACIÓN DO PROFESORADO:

Impulsar a formación continua e de calidade do profesorado.

OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS:

Promover a modernización das nosas instalacións e dos nosos recursos, con especial atención á actualización tecnolóxica.

PROGRAMAS EUROPEOS:

Participar en actividades de integración na cultura europea para desenvolver o interese polos países do noso contorno e promover a utilidade da aprendizaxe de idiomas.

TRATO PERSONALIZADO:

Atender as necesidades do alumnado e as súas familias e das empresas colaboradoras mediante unha comunicación constante e un trato personalizado e con respostas áxiles e flexibles.

ESPÍRITU DE TRABALLO:

Estender entre alumnado e profesorado a idea de que o primeiro e principal beneficiario da súa actitude e do seu traballo é a persoa mesma.